

COMISIÓN DE PERSOAL ORDINARIA

Santiago de Compostela 28/03/25

Onte tivo lugar a Comisión de Persoal ordinaria na que se trataron as seguintes cuestións:
MODIFICACIÓN DA RPT DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E CGSIB.

UGT: en contra **CIG: en contra** **CCOO: en contra** **CSIF: abstención**

Sentido do voto de UGT:

Ratificámonos nas alegacións formuladas na negociación, iniciada no mes de novembro do ano pasado. Entendemos que aínda que se trata dunha adaptación de estrutura deberían ter sido atendidas as demandas propostas por esta organización ao respecto das non amortizacións, de creación de prazas que desen amparo ao Acordo de condicións de traballo do persoal de centros da Consellería, cousa que non se respectou.

Facemos tamén mención expresa do compromiso, adquirido pola DXEPAP, ao respecto da homologación de niveis entre especialidades e escalas idénticas entre o CGSIB e a Consellería, en tanto que como quedou dito, é un agravio que o que xera é traballo de segunda nunha mesma Consellería.

ROLDA DE INTERVENCIÓNS:

- Concurso de traslados de corpos xerais:
 - o Pregúntase polo código zzm que aparece nalgúns postos, quedan en dar resposta.
 - o Faise advertencia de que no apartado de titulación académica, aparecen Master en estado descartado, sendo que hai persoas que teñen valoración do mesmo Master vía o apartado de Formación do Fides, solicítase revisión e adecuación ás bases do concurso.
- Procesos selectivos.
 - o Solicítase á Dirección Xeral que configure unha listaxe das escalas á que se lles vai a exixir o certificado de delitos sexuais para a toma de posesión.
- Teletraballo:
 - o Requirimos saber que hai de certo e de onde parte a instrución de que non se conceda o teletraballo en venres e luns. Responden que non hai instrución ningunha a este respecto dende a Dirección Xeral, que entenden que o asunto pode vir motivado polo maior número de persoas que acceden ao teletraballo e co fin de garantir o 40% de presenzas e que coincidan todas as persoas un día nas unidades, pois fai que se teña que tomar esa medida, pero que en todo caso o mirarán porque non teñen constancia.
 - o Nos fixemos alusión a que unha medida desa índole debe vir proposta á Mesa Xeral logo de ser pactada na Comisión de seguimento do Acordo, que nos non asinamos e que polo tanto pedimos responsabilidade a quen ten a competencia
- Trienios de persoal funcionario perfeccionados como laboral:
 - o preguntada sobre o procedemento, si será de oficio ou a solicitude e dende cando se produce o recoñecemento, responde que ten que ser a petición das persoas interesadas, a través do PR004 e que os efectos se marcan na solicitude.

